

INFORMACIÓN DE XESTIÓN DE RESIDUOS COMERCIAIS

OBXECTO

Comunicar a información sobre a xestión de residuos comerciais. Os produtores de residuos comerciais deberán acreditar se a xestión se efectúa a través de xestores autorizados ou a través das entidades locais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Orde do 17 de novembro de 2022, pola que se habilitan na sede electrónica da Xunta de Galicia determinados procedementos de prazo aberto do órgano competente en materia de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático, e se establecen os modelos normalizados.

ÓRGANO QUE TRAMITA

Servizo de Residuos - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de comunicación (**anexo V**).
- **Documentación acreditativa da xestión dos residuos comerciais:** documentos de identificación dos traslados dos residuos a xestor autorizado ou acordo coa entidade local para a xestión dos residuos comerciais.
- Acreditación da representación da persoa xurídica con copia da escritura notarial da representación debidamente inscrita no rexistro mercantil.

FORMULARIOS

- MT203F

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Antes do 1 de marzo de cada ano deberán remitir a información correspondente ao ano anterior.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

TAXAS

Este procedemento non está suxeito ao pago dunha taxa administrativa.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contempladas na regulamentación específica.

Última modificación: maio 2023